



CONVOCATORIA 2013 PARA A INCORPORACIÓN A ITMATI DE MEMBROS ADSCRITOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A UNIVERSIDADE DE VIGO.

En Santiago de Compostela, a 31 maio de 2013

O Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial (ITMATI) abre un primeiro proceso de adscrición de investigadores, no ámbito da Matemática Industrial, das universidades membros do Consorcio ITMATI, a Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo.

Este proceso regularase segundo o establecido no artigo 24 dos [estatutos de ITMATI](#) publicados no DOG de 4 de marzo de 2013 e rexerese polo convenio en fase de redacción entre ITMATI e as tres universidades no relativo ao persoal adscrito. A lista de investigadores adscritos que xurda deste primeiro proceso de adscrición será recollida como Anexo I do mencionado convenio.

Obxectivo da adscrición:

O persoal investigador das universidades participantes no Consorcio ITMATI poderá adscribirse a ITMATI para realizar tarefas de transferencia directamente relacionadas cos obxectivos e a misión de ITMATI tal e como se recolle nos seus Estatutos. En particular, os investigadores adscritos achegarán as súas capacidades científico tecnolóxicas, na procura da prestación de servizos tecnolóxicos ás empresas e administracións públicas, que xeren un valor engadido no tecido industrial, a través da transferencia de tecnoloxías matemáticas que incrementen a súa competitividade, e produzan innovacións que melloren e consoliden a súa posición no mercado global, tal e como se recolle no Convenio de Colaboración entre as universidades participantes no Consorcio, asinado o 7 de febreiro de 2013.

O persoal adscrito a ITMATI manterá os seus dereitos e deberes na súa institución de orixe establecidos na normativa que sexa de aplicación, e permanecerá na situación administrativa e laboral que corresponda.

De xeito xeral, o persoal das universidades que se adscriba a ITMATI farao segundo o recollido no artigo 24 dos estatutos de ITMATI, e as normativas internas en vigor que para o desenvolvemento do mencionado artigo aproben os órganos de goberno de ITMATI. En todo caso, o persoal adscrito deberá contar coa autorización expresa que marque a normativa en vigor na entidade de procedencia.

Instituto Tecnolóxico
de Matemática Industrial

www.itmati.com

Facultad de Matemáticas. Rúa Lope Gómez de Marzoa s/n
15782 Campus Vida / Santiago de Compostela
itmati@itmati.com | Tlf.: +34 881 813 357



O persoal adscrito a ITMATI utilizará as instalacións, servizos e equipamentos de ITMATI nas mesmas condicións que o resto de membros de ITMATI. Para esta utilización, o persoal adscrito deberá respectar as normativas, regulacións e procedementos que establece ITMATI.

As actividades nas que participe o persoal investigador adscrito a ITMATI, que inclúan transferencia efectiva de coñecemento, recollidas no ámbito de colaboración da cláusula terceira do Convenio de Colaboración asinado entre a UDC, USC e UVigo o 7 de febreiro de 2013, terán a consideración de actividade propia de ITMATI e da entidade consorciada, independentemente do organismo a través do cal se leve a cabo. En todo caso, o recoñecemento da propiedade intelectual e industrial destas actividades rexerá polo convenio de colaboración actualmente en fase de redacción entre ITMATI e as tres universidades.

Procedemento:

1. Os membros do PDI das universidades que desexen ser adscritos a ITMATI, deberán enviar un Currículum Vitae referido aos últimos seis anos, xunto cunha breve (non máis de dous folios) descrición das liñas de investigación orientadas a potenciar a transferencia de tecnoloxía que realizará durante a súa adscrición a ITMATI, e as áreas de transferencia nas que esas liñas serían aplicables. Os méritos achegados poderá esixirse que sexan xustificados mediante certificado expedido pola institución a través da cal se realizou a actividade. Os investigadores que desexen participar nesta convocatoria de ITMATI enviarán a súa solicitude ao correo itmati@itmati.com indicando no asunto Solicitude de Adscrición a ITMATI.
2. As solicitudes de adscrición a ITMATI serán valoradas pola Comisión de Avaliación designada para ese efecto pola Comisión Científico Técnica de ITMATI. A composición da Comisión será mixta, sendo as súas tres quintas partes constituída por expertos externos aos membros do Consorcio ITMATI, e farase pública unha vez finalizado o período de avaliación.
3. As conclusións da Comisión de Avaliación deberán ser ratificadas pola Comisión Científico Técnica de ITMATI. Esta Comisión remitiráas ao Consello de Goberno de ITMATI e ás tres universidades.
4. Para os investigadores que teñan unha avaliación positiva solicitarase á universidade de procedencia a autorización para a súa adscrición. Os

investigadores que se adscriban a ITMATI regularán a súa actividade de acordo ao convenio de colaboración suscrito entre ITMATI e as tres universidades membros do Consorcio. O período de adscrición será de tres anos prorrogables.

5. Os investigadores que non poidan acreditar a experiencia en transferencia de tecnoloxía matemática, ou que non obtivesen unha avaliación positiva, poderán vincularse a ITMATI como persoal colaborador nun proxecto determinado, de acordo ao establecido no artigo 25 dos estatutos de ITMATI.

Criterios de adscrición:

Os criterios de adscrición e os correspondentes pesos, aprobados pola Comisión Científico Técnica de ITMATI para esta convocatoria 2013, son os seguintes:

1. A experiencia acreditada, previa e exitosa de transferencia de tecnoloxía matemática. A título orientativo requirirase un mínimo de dous proxectos de transferencia nos últimos seis anos (50%).
2. A calidade científica dos candidatos (30%).
3. A contribución que a súa incorporación como membro do consorcio supón para ITMATI (10%).
4. A dispoñibilidade para participar nas actividades de ITMATI sempre que estean relacionadas co seu ámbito de actuación (10%).

Calendario

- Presentación das solicitudes por parte dos investigadores: ata o 25 de xuño de 2013.
- Avaliación das solicitudes por parte da Comisión de Avaliación e envío da proposta á Comisión Científico Técnica: Período máximo dun mes dende a data anterior.
- Reunión da Comisión Científico Técnica e elevación da proposta ao Consello de Goberno: na semana posterior á data anterior.